

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

21161 *Lei 28/2009, do 30 de decembro, de modificación da Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

No ámbito das profesións sanitarias son crecentes os espazos competenciais compartidos e o funcionamento do traballo en equipo require a colaboración entre profesionais, en organizacións crecentemente multidisciplinares que evolucionen de forma cooperativa e transparente. A cooperación multidisciplinar é un dos principios básicos da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, que determina no seu artigo 9.1 que «a atención sanitaria integral supón a cooperación multidisciplinaria, a integración dos procesos e a continuidade asistencial, e evita o fraccionamento e a simple superposición entre procesos asistenciais atendidos por distintos titulados ou especialistas». Así mesmo, a lei sinala que as actuacións sanitarias dentro dos equipos de profesionais se articularán atendendo aos criterios de coñecementos e competencia dos profesionais que integran o equipo, en función da actividade concreta que se desenvolva, da confianza e do coñecemento recíproco das capacidades dos seus membros e dos principios de accesibilidade e continuidade asistencial das persoas atendidas.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, no artigo 7.2.d) determina que os podólogos están facultados para «o diagnóstico e tratamento das afeccións e deformidades dos pés, mediante as técnicas terapéuticas propias da súa disciplina». Así mesmo, no seu artigo 7.2.a) establece que lles corresponde aos enfermeiros «a dirección, avaliación e prestación dos coidados de enfermaría orientados á promoción, ao mantemento e á recuperación da saúde, así como á prevención de enfermidades e discapacidades».

Por outra parte, nos equipos de profesionais sanitarios os enfermeiros desenvolven un labor esencial como elemento de cohesión das prestacións de coidados aos usuarios dos servizos sanitarios, orientados á promoción, ao mantemento e á recuperación da saúde así como á prevención de enfermidades e discapacidades. O exercicio da práctica enfermeira, nas súas distintas modalidades de coidados xerais ou especializados, implica necesariamente a utilización de medicamentos e produtos sanitarios.

Polo que se refire ao ámbito de actuación dos especialistas en enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrona), a Directiva Europea 2005/36 CEE determina que as matronas están facultadas para o diagnóstico, a supervisión, a asistencia do embarazo, do parto, do posparto e do neonato normal mediante os medios técnicos e clínicos adecuados.

A Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, establece no artigo 77 como únicos profesionais sanitarios con facultade para ordenar a prescrición de medicamentos os médicos e odontólogos. Mantendo este precepto, en atención aos criterios mencionados anteriormente é conveniente modificar a citada lei para recoller a participación na prescrición de determinados medicamentos doutros profesionais sanitarios como son os enfermeiros e podólogos, desde o recoñecemento do interese para o sistema sanitario da súa participación en programas de seguimento de determinados tratamentos, cuestión esta perfectamente asumida na práctica diaria do noso sistema sanitario, e tendo como obxectivo fundamental a seguridade

e o beneficio dos pacientes e destes profesionais. Así mesmo, a presente lei prevé a extensión da súa participación á prescrición de produtos sanitarios.

Resulta necesario que os novos profesionais incluídos como prescrictores ou autorizadores da dispensación de medicamentos e produtos sanitarios pola presente modificación teñan que cumprir o réxime de incompatibilidades previsto no artigo 3 da Lei 29/2006.

Artigo único.

Modifícase a Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, nos seguintes termos:

Un. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 3, que terán a seguinte redacción:

«Artigo 3. Garantías de independencia.

1. Sen prexuízo das incompatibilidades establecidas para o exercicio de actividades públicas, o exercicio clínico da medicina, odontoloxía, veterinaria e outras profesións sanitarias con facultade para prescribir ou indicar a dispensación dos medicamentos será incompatible con calquera clase de intereses económicos directos derivados da fabricación, elaboración, distribución e comercialización dos medicamentos e produtos sanitarios.

3. O exercicio clínico da medicina, odontoloxía, veterinaria e outras profesións sanitarias con facultade para prescribir ou indicar a dispensación dos medicamentos será incompatible co desempeño de actividade profesional ou coa titularidade de oficina de farmacia.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 77, que terá a seguinte redacción:

«1. A receita médica, pública ou privada, e a orde de dispensación hospitalaria son os documentos que aseguran a instauración dun tratamento con medicamentos por instrución dun médico, un odontólogo ou un podólogo, no ámbito das súas competencias respectivas, únicos profesionais con facultade para receitar medicamentos suxeitos a prescrición médica.

Sen prexuízo do anterior, os enfermeiros, de forma autónoma, poderán indicar, usar e autorizar a dispensación de todos aqueles medicamentos non suxeitos a prescrición médica e os produtos sanitarios, mediante a correspondente orde de dispensación.

O Goberno regulará a indicación, uso e autorización de dispensación de determinados medicamentos suxeitos a prescrición médica polos enfermeiros, no marco dos principios da atención integral de saúde e para a continuidade asistencial, mediante a aplicación de protocolos e guías de práctica clínica e asistencial, de elaboración conxunta, acordados coas organizacións colexiais de médicos e enfermeiros e validados pola Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde.

O Ministerio de Sanidade e Política Social, coa participación das organizacións colexiais referidas anteriormente, acreditará con efectos en todo o Estado os enfermeiros para as actuacións previstas neste artigo.»

Tres. Modifícase o número 3 da disposición adicional sexta, que terá a seguinte redacción:

«3. As cantidades que se ingresen destinaranse á investigación, no ámbito da biomedicina, en cantidade suficiente para financiar as necesidades de investigación clínica que se leva a cabo, a través da iniciativa sectorial de investigación en biomedicina e ciencias da saúde, e ingresaranse na caixa do Instituto de Saúde Carlos III. O resto de fondos destinaranse ao desenvolvemento de políticas de cohesión sanitaria, de programas de formación para facultativos médicos, odontólogos, farmacéuticos e enfermeiros, así como a programas de educación

sanitaria da poboación para favorecer o uso racional dos medicamentos, segundo a distribución que determine o Ministerio de Sanidade e Política Social, logo de informe do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, e ingresaranse no Tesouro Público.»

Catro. Modifícase a disposición adicional décimo segunda, que terá a seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. *Da regulación da participación dos enfermeiros no ámbito dos medicamentos suxeitos a prescripción médica.*

O Goberno regulará a indicación, o uso e a autorización de dispensación de determinados medicamentos suxeitos a prescripción médica, polos enfermeiros, no ámbito dos coidados tanto xerais como especializados e fixará, coa participación das organizacións colexiais de enfermeiros e de médicos, os criterios xerais, requisitos específicos e procedementos para a acreditación de tales profesionais, con efectos en todo o territorio do Estado, nas actuacións previstas no artigo 77.1.»

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO